

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NAS XUNTAS DE CENTRO E NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO

ACORDO DE PUBLICACIÓN DO CENSO DEFINITIVO

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e a convocatoria de elección de representantes nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento, aprobada por acordo da Comisión Electoral Central do 5 de marzo de 2021, e rematado o prazo de presentación de recursos contra a Resolución da Secretaría Xeral do 17 de marzo de 2021, sobre rectificación do censo provisional,

A COMISIÓN ELECTORAL, na reunión celebrada o día 25 de marzo de 2021, acordou:

1. **Estimar** os recursos aos censos das **Xuntas de Centro** das persoas que a continuación se relacionan:

RECLAMANTE	RESOLUCIÓN
Crujeiras Pérez, Beatriz	Incluír no sector de PDI sen vinculación permanente e IF da Facultade de Ciencias da Educación
López Rodríguez, M ^a del Carmen	Incluír no sector de PDI con vinculación permanente da Facultade de Bioloxía
Mosquera Lois, David	Incluír no sector de PDI sen vinculación permanente e IF da Facultade de Matemáticas (opción art. 3 do REX)
Pose Varela, Carlos Alberto	Incluír no sector de PDI sen vinculación permanente e IF da Facultade de Filosofía (opción art. 3 do REX)

2. **Desestimar** as seguintes reclamacións aos censos das **Xuntas de Centro** polo motivo que se indica:

RECLAMANTE	MOTIVO
Castillo Zamora, Aly Jesús	Solicita a inclusión no sector de PDI sen vinculación permanente da Facultade de Química pero non imparte docencia (art. 54 REX)
García Romero, David	Solicita a inclusión no sector de PDI sen vinculación permanente da Facultade de Ciencias da Educación pero non imparte docencia (art. 54 REX)
Miramontes Carballada, Ángel	Solicita a inclusión no sector de PDI con vinculación permanente pero non pertence a unha das categorías de profesorado incluídas neste sector, polo que está correctamente censado no sector de PDI sen vinculación permanente e IF da Facultade de Xeografía e Historia

3. **Estimar** as reclamacións aos censos dos **Consellos de Departamento** das persoas que a continuación se relacionan:

RECLAMANTE	RESOLUCIÓN
Ferreiro Seoane, Francisco Jesús	Incluír no sector de doutores membros do Departamento de Economía Aplicada. Figuraba no sector de restantes categorías de PDI e IF.
Miramontes Carballada, Ángel	Incluír no sector de doutores membros do Departamento de Xeografía. Figuraba no sector de restantes categorías de PDI e IF.
Mosquera Lois, David	Incluír no sector de restantes categorías de PDI e IF do Departamento de Matemáticas.
Ordóñez Iglesias, Álvaro	Incluír no sector de restantes categorías e PDI e IF do Departamento de Electrónica e Computación.

4. **Dispoñer a publicación** do censo electoral definitivo. Esta publicación terá lugar nos taboleiros electorais e poderá consultarse de xeito individualizado na web electoral: www.usc.es/eleccions2021.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

A secretaria xeral
(P.A do presidente da Comisión Electoral Central)



[Handwritten signature]
Dulce M^a García Mella